

Federación provincial de centros
públicos de A Coruña



Informe necesidades centros educativos Concello da Coruña

ENQUISA SEPT-DEC 25



Índice

1

Introducción

2

Datos xerais dos participantes

3

Persoal docente: profesorado xeral, especialistas e atención á diversidade

4

Persoal coidador e outros perfís necesarios

5


Infraestruturas e mantemento

6

Xestión das incidencias, infraestruturas e resposta da administración

7

Conclusións





1-Introdución

Este informe, elaborado pola Xunta Directiva da Federación, nace do traballo voluntario, rigoroso e coordinado das ANPAS e AFAs federadas, sustentado na análise directa da realidade dos centros educativos públicos e na recollida sistemática das achegas das comunidades educativas. O proceso desenvolvido responde á convicción compartida de que a unidade das familias organizadas fortalece a defensa da escola pública e permite trasladar ás administracións unha visión común, fundamentada e representativa; de que a corresponsabilidade entre familias, centros educativos e administracións é esencial para avanzar cara a solucións eficaces, sostibles e xustas; e de que a participación activa das comunidades educativas non só é un dereito, senón tamén unha ferramenta imprescindible para detectar necesidades reais, priorizar actuacións e avaliar o impacto das políticas públicas.

As ANPAS e AFAs que participan neste traballo fixérono desde un compromiso firme coa educación pública, asumindo unha carga organizativa e de coordinación que, en moitos casos, vai máis alá das súas obrigas formais. Esta implicación responde á ausencia de respostas estruturais suficientes e á necesidade de dar visibilidade ás carencias que afectan ao funcionamento diario dos centros e ao benestar do alumnado.

A defensa da educación pública é unha tarefa compartida que require diálogo, planificación e vontade política, pero tamén unha escoita activa das persoas que coñecen de primeira man a realidade dos centros. Neste sentido, este informe preséntase como unha achega construtiva, orientada a mellorar o sistema educativo e a garantir os dereitos e o benestar das nenas e dos nenos, que non poden seguir agardando solucións que son urxentes e necesarias.

O documento recompila, ordena e analiza a información achegada polas ANPAS e AFAs dos centros educativos públicos da cidade da Coruña (CEIP, IES e CEE), co obxectivo de ofrecer unha memoria explicativa clara e fundamentada sobre a situación real dos centros en materia de:

- Dotación de persoal docente e non docente
- Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)
- Mantemento, infraestruturas e accesibilidade
- Limpeza e seguridade

A información recollida procede directamente das comunidades educativas, polo que reflicte unha diagnose realista, reiterada e coincidente entre centros moi diversos. O resultado é unha visión compartida das necesidades máis urxentes e das actuacións imprescindibles para garantir unha educación pública de calidade, inclusiva e equitativa.


2-Datos xerais dos participantes


Ámbito do Concello de A Coruña

- Entidades participantes:
 - ANPAS (Asociacións de Nais e Pais de Alumnado)
 - AFAs (Asociacións de Familias do Alumnado)
- Tipoloxía de centros representados:
 - CEIP (Educación Infantil e Primaria)
 - IES (Educación Secundaria)
 - CEE (Centros de Educación Especial)
- Número de centros participantes: 30
- Alumnado total estimado: sobre 9500

Destaca a participación das asociacións de familias de **Centros de Educación Especial**, cuxas achegas poñen o foco en necesidades específicas de accesibilidade, espazos de xogo adaptados, persoal suficiente para desdobres e atención directa ao alumnado con discapacidades severas.

A diversidade de tamaños e contextos socioeducativos reforza o carácter estrutural e sistémico das problemáticas detectadas, que non se limitan a casos illados.





3-Persoal docente: xeral, especialistas e atención a diversidade

**3.1. Profesorado xeral (titorías e
docencia ordinaria)**

**3.2. Profesorado especialista de
materias**

**3.3. Profesorado PT, AL e outros
perfís especialistas**

3.4. Orientación educativa

3.1 Profesorado xeral (titorías e docencia ordinaria)

En numerosos centros detéctanse situacións de sobrecarga do profesorado titor e do profesorado xeral, derivadas de:

- Ratios elevadas por aula, mesmo en contextos con alta presenza de alumnado NEAE.
- Grupos nos que se concentran múltiples necesidades educativas sen reforzo suficiente.
- Falta de profesorado de apoio estable dentro da aula.
- Titorías compartidas entre varios especialistas, chegando nalgúns casos a cinco ou seis docentes diferentes para un mesmo grupo, o que dificulta a continuidade pedagóxica e o seguimento do alumnado.

As entidades participantes coinciden en que cumprir as ratios normativas non garante unha atención educativa axeitada, especialmente cando a complexidade do grupo é elevada.

3.2. Profesorado especialista de materias

Detéctase tamén unha falta de profesorado especialista que afecta directamente á calidade educativa e á organización dos centros, especialmente en:

- Educación Física
- Inglés e linguas estranxeiras
- Música
- Tecnoloxía
- Optativas en ESO e Bacharelato

Nos IES, varias ANPAs sinalan que a insuficiente dotación de profesorado impide garantir a libre elección de materias optativas, especialmente en Bacharelato, limitando os dereitos do alumnado e condicionando o seu itinerario académico.

En centros con moitas horas cubertas mediante repartos forzados ou profesorado compartido, prodúcese:

- Fragmentación do horario
- Falta de continuidade didáctica
- Sobrecarga do profesorado existente

3.3. Profesorado PT, AL e outros perfís especialistas

Unha das demandas máis recorrentes das ANPAS e AFAs dos centros educativos públicos é a insuficiencia de profesorado especialista e de perfís profesionais de apoio, especialmente de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), unha carencia que impacta directamente na atención á diversidade, na inclusión real do alumnado e na calidade do proceso educativo.

A maioría dos centros indican que cumpren formalmente as ratios legais, mais estas non responden ás necesidades reais nin á crecente complexidade do alumnado, constatándose nos últimos anos un incremento sostido de:

- Alumnado con Trastornos do Espectro Autista (TEA).
- Discapacidades recoñecidas con distintos niveis de apoio.
- Dificultades específicas de aprendizaxe (dislexia, discalculia, TDAH, etc) e alumnado con Altas Capacidades (AACC)
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, con barreiras idiomáticas e desfases curriculares.
- Situacións de vulnerabilidade social, emocional e de saúde mental, especialmente visibles en Educación Infantil e na ESO.

Xunto ao profesorado PT e AL, resulta claramente insuficiente a dotación doutros perfís especialistas imprescindibles, como orientadores/as educativos, profesorado de apoio e para desdobres, persoal coidador e profesionais de atención socioemocional e condutual. As ratios destes perfís atópanse amplamente desbordadas, dificultando a avaliación, o seguimento continuado, a coordinación cos equipos docentes e a atención individualizada do alumnado.

Resulta especialmente preocupante que, en numerosos casos, a incorporación dun novo alumno ou alumna con maior puntuación administrativa supoña a retirada ou redución de apoios doutros estudantes, malia que as súas necesidades educativas continúan existindo. Esta práctica xera situacións inxustas, rompe a continuidade dos procesos educativos e resulta pedagoxicamente insostible.

As ANPAS e AFAs reclaman un modelo de dotación de recursos humanos baseado no número real do alumnado, na intensidade e complexidade das necesidades educativas e na estabilidade dos equipos profesionais, superando criterios ríxidos vinculados unicamente ao catálogo do centro. A atención especializada debe responder á realidade das aulas e garantir unha educación pública inclusiva, equitativa e de calidade.



3.4. Orientación educativa

A orientación educativa constitúe un pilar fundamental do sistema educativo, especialmente nun contexto de crecente complexidade social, diversidade cultural e aumento significativo do alumnado con NEAE e NEE. Porén, as respostas das ANPAS e AFAs evidencian carencias estruturais moi preocupantes neste ámbito.

Principais problemáticas detectadas:

- Insuficiencia de profesionais de orientación para atender a totalidade do alumnado, especialmente en centros grandes ou de alta complexidade.
- Sobrecarga extrema das persoas orientadoras, que deben atender simultaneamente:
 - Avaliacións psicopedagóxicas
 - Seguimento do alumnado con NEAE/NEE
 - Asesoramento a profesorado e equipos directivos
 - Atención ás familias
 - Intervención en conflitos e situacións socioemocionais
- Retrasos prolongados nas avaliacións psicopedagóxicas, que nalgúns casos se estenden a cursos completos.
- Avaliacións incompletas ou incorrectas, que derivan en:
 - Alumnado sen recoñecemento oficial das súas necesidades
 - Perda de dereitos e recursos
 - Intervencións educativas inadecuadas ou inexistentes

En determinados centros sinalouse tamén a falta de adecuación profesional para o desempeño das funcións de orientación, xerando situacións de bloqueo organizativo e grave indefensión para o alumnado e as familias.

Consecuencias directas destas carencias:

- Dificultade para asignar recursos de apoio en tempo e forma.
- Sobrecarga do profesorado titor e especialista, que asume funcións para as que non está formado nin recoñecido.
- Incremento da conflictividade nos centros.
- Desigualdade real no acceso á atención educativa e aos servizos complementarios.

Especial mención merece a orientación académica e profesional nas etapas de ESO e Bacharelato, onde se detecta:

- Falta de tempo e recursos para un acompañamento individualizado.
- Orientación insuficiente na elección de itinerarios, materias optativas e saídas académicas.
- Impacto negativo especialmente no alumnado máis vulnerable.

É imprescindible reforzar os servizos de orientación educativa, establecendo ratios axustadas á realidade dos centros, incrementando o número de profesionais e garantindo formación continua, supervisión e avaliación do servizo.

4. Persoal coidador e outros perfís necesarios

4.1. Centros ordinarios: unha realidade invisibilizada

4.2. Aportación específica das AFAs e CEE

4.3. Catálogo de profesorado dos centros

4.4. Outros perfís profesionais demandados

Federación Provincial
de Centros Públicos
de A Coruña

4. Persoal coidador e outros perfís necesarios

As ANPAS e AFAs coinciden de maneira practicamente unánime en que o persoal coidador existente resulta claramente insuficiente para atender as necesidades reais do alumnado nos centros educativos públicos, tanto ordinarios como de educación especial. Esta insuficiencia non é puntual nin excepcional, senón estrutural, e vén sendo reiteradamente sinalada por centros de distintas etapas e contextos.

As demandas máis habituais recollidas nos datos achegados inclúen:

- Incremento do número de coidadores/as, especialmente:
 - Para alumnado con dependencia de grao 2 e 3.
 - Para centros con alta concentración de alumnado con NEE e NEAE, nos que a complexidade das necesidades require unha atención continua e especializada.
 - Para garantir a participación efectiva do alumnado nos servizos complementarios (madrugadores, comedor, transporte escolar e actividades extraescolares), ámbitos nos que a falta de persoal de apoio está a xerar situacións de exclusión real e vulneración do principio de igualdade de oportunidades.
- Reforzo específico do servizo de comedor e transporte escolar, espazos de especial complexidade nos que conflúen necesidades asistenciais, de seguridade, de autonomía persoal e de convivencia.
- Revisión urxente das ratios actuais de persoal coidador, consideradas polas familias, polos equipos directivos e polos propios profesionais como irrealis e inaplicables no funcionamento cotián dos centros.

A aplicación mecánica destas ratios, sen atender á complexidade real das necesidades nin á organización efectiva dos centros, está a provocar situacións de risco, sobrecarga continuada do persoal e unha vulneración do principio de atención individualizada e inclusiva recollido na normativa vixente.

As ANPAS e AFAs subliñan que a atención ao alumnado con necesidades complexas non pode basearse en mínimos legais, senón nunha planificación realista, flexible e centrada nas persoas, que garanta seguridade, dignidade e continuidade educativa.

4.1. Centros ordinarios: unha realidade invisibilizada

Os datos recollidos polas ANPAS e AFAs dos centros ordinarios evidencian que unha parte moi significativa do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) está escolarizada nestes centros sen que exista unha dotación suficiente de persoal coidador que garanta unha atención axeitada.

Esta realidade, reiterada en centros de tipoloxías moi diversas, revela unha fenda estrutural entre as necesidades reais do alumnado e os recursos asignados.

De maneira recorrente, nos centros ordinarios identifícanse as seguintes problemáticas:

- Alumnado con NEE e NEAE sen coidador/a asignado, ou con apoios parciais claramente insuficientes para cubrir a totalidade da xornada lectiva.
- Dificultades graves para garantir a inclusión do alumnado con dependencia nos espazos non lectivos —recreos, comedor, entradas e saídas—, onde a falta de persoal incrementa os riscos para a seguridade e limita a participación plena.
- Imposibilidade de acceso aos servizos complementarios xestionados polas ANPAS (madrugadores, actividades), debido á ausencia de coidadores/as, xerando desigualdades reais e situacións de exclusión contrarias aos principios de equidade.
- Sobrecarga do profesorado titor e especialista, que se ve obrigado a asumir funcións asistenciais para as que non dispón nin de tempo nin de formación específica, afectando tanto a súa labor docente como á atención do grupo.

Esta situación pon de manifesto que a dotación de persoal coidador nos centros ordinarios debe responder ao número real e á tipoloxía das necesidades do alumnado, debe ser flexible, e non limitarse á tipoloxía do centro nin ás ratios teóricas establecidas.

Só unha planificación baseada en criterios de equidade e necesidades reais permitirá garantir unha inclusión efectiva e unha atención digna e segura para todo o alumnado.



4.2. Aportación específica das AFAs e dos Centros de Educación Especial (CEE)

As AFAs dos Centros de Educación Especial poñen de manifesto necesidades propias e diferenciadas que requiren unha atención específica por parte da administración. Entre as cuestións máis salientables destacan:

- Necesidade de incrementar o persoal coidador e educativo, co fin de posibilitar desdobres e garantir unha atención verdadeiramente individualizada, acorde coa complexidade das necesidades do alumnado.
- Insuficiencia de profesorado para o desenvolvemento de talleres, actividades funcionais e aprendizaxes prácticas, elementos fundamentais na metodoloxía e no enfoque educativo destes centros.
- Falta de espazos de xogo accesibles, seguros e adaptados, lembrando que o dereito ao xogo é parte esencial dunha educación inclusiva, integral e orientada ao benestar.
- Carencias graves en patios, chans e mobiliario adaptado, que condicionan a autonomía, a participación e a seguridade do alumnado no día a día.

Estas achegas evidencian que os Centros de Educación Especial precisan criterios propios de dotación de persoal, recursos e infraestruturas, específicos e non extrapolables automaticamente aos centros ordinarios. Só mediante unha planificación diferenciada e axustada ás súas características se poderá garantir unha resposta educativa adecuada e respectuosa coas necesidades do seu alumnado.

4.3. Catálogo de profesorado dos centros

Na actualidade, o catálogo de profesorado está determinado fundamentalmente polo número de unidades do centro, conforme aos criterios establecidos pola Administración educativa.

Porén, este modelo resulta claramente insuficiente e inaxeitado para dar resposta á realidade educativa dos centros, ao non ter en conta:

- A diversidade e complexidade das necesidades educativas do alumnado.
- O incremento sostido do alumnado con NEE e NEAE.
- A presenza de alumnado con discapacidade, TEA, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema educativo ou barreiras lingüísticas.
- As características socioeducativas e o contexto específico de cada centro.

Esta vinculación ríxida do catálogo ao número de unidades provoca situacións recorrentes nas que, malia cumprirse formalmente os criterios administrativos, non se dispoñen dos recursos humanos necesarios para aplicar o currículo de maneira inclusiva, personalizada e eficaz.

En consecuencia, prodúcense:

- Sobrecargas inasumibles para o profesorado titor e especialista.
- Atención parcial ou discontinua ao alumnado con maiores necesidades.
- Retirada de apoios xa asignados cando se incorporan novos alumnos/as con maior puntuación, xerando situacións inxustas e pedagogicamente insostibles.
- Dificultades reais para desenvolver medidas de atención á diversidade recollidas na normativa vixente.

Federación Provincial
de Centros Públicos
de A Coruña



4.4 Outros perfís profesionais demandados

De maneira reiterada, as ANPAS, APAs e AFAs sinalan a necesidade de incorporar ou reforzar perfís profesionais que resultan imprescindibles para o correcto funcionamento dos centros educativos e para garantir unha atención integral ao alumnado. Entre as demandas máis frecuentes destacan:

- Enfermeira escolar, especialmente en centros con alumnado con patoloxías crónicas, necesidades médicas específicas ou tratamentos que requiren supervisión profesional.
- Psicólogo/a escolar, fundamental para a atención emocional, condutual e familiar do alumnado, así como para a prevención e intervención temperá en situacións de risco.
- Persoal de mantemento propio do centro, que permita unha resposta áxil e eficaz ás incidencias cotiás, evitando a acumulación de deficiencias que afectan ao uso seguro e adecuado das instalacións.
- Persoal de limpeza suficiente e estable, acorde ao uso intensivo dos espazos educativos e ás necesidades hixiénico-sanitarias que esixe o contexto actual.

A ausencia ou insuficiencia destes perfís está a provocar unha sobrecarga estrutural nos equipos docentes e directivos, que se ven obrigados a asumir tarefas alleas ás súas funcións, así como unha diminución evidente da calidade da atención ao alumnado e do funcionamento xeral dos centros educativos. Esta situación evidencia a necesidade de avanzar cara a un modelo de dotación de persoal máis completo, estable e adaptado ás necesidades reais dos centros.

Federación Provincial
de Centros Públicos
de A Coruña

5. Infraestruturas e mantemento

5.1. Estado xeral dos edificios

5.2. Accesibilidade

5.3. Patios, pistas e instalacións deportivas

5.4. Limpeza e salubridade

5.1. Estado xeral dos edificios

As ANPAS e AFAS sinalan deficiencias graves ou moi graves nas súas infraestruturas, moitas delas de carácter estrutural e persistente no tempo. Estas carencias afectan tanto ao desenvolvemento da actividade educativa como á seguridade, ao benestar e á accesibilidade do alumnado e do persoal.

Entre os problemas máis frecuentes destacan:

- Goteiras e filtracións de auga, que provocan deterioro continuo das instalacións, obrigando a pechar espazos ou a improvisar solucións temporais.
- Humidades persistentes e presenza de fungos, con impacto directo na saúde e no confort térmico, especialmente en aulas e espazos de uso continuado.
- Instalacións eléctricas deficientes, con enchufes en mal estado, falta de potencia, saltos recorrentes de diferencial ou ausencia de adaptación ás necesidades tecnolóxicas actuais.
- Fontanería deteriorada, incluíndo baños atascados, fugas, malos cheiros e episodios de inundacións que afectan ao uso normal das instalacións.
- Portas e fiestras deterioradas ou inseguras, que dificultan a ventilación adecuada, comprometen o illamento térmico e acústico e, nalgúns casos, supoñen riscos para o alumnado.
- Chans levantados, esvaradíos ou en mal estado, que incrementan o risco de caídas e limitan a mobilidade, especialmente para alumnado con diversidade funcional.
- Ausencia de mantemento preventivo, o que provoca que pequenas incidencias se convertan en problemas maiores e recorrentes.

En numerosos centros, os arranxos realizados son provisionais e repetitivos, aplicados ano tras ano sen abordar a causa estrutural das deficiencias. Esta dinámica xera un deterioro progresivo das instalacións e unha sensación xeneralizada de abandono, incompatible cunha educación pública de calidade e segura.

5.2. Accesibilidade

A accesibilidade continúa a ser unha das carencias máis graves detectadas nos centros educativos. As incidencias máis frecuentes inclúen:

- Centros sen ascensor ou con ascensores avariados, que impiden o acceso a plantas superiores.
- Ausencia de rampas e itinerarios accesibles, dificultando a mobilidade autónoma do alumnado.
- Barreiras arquitectónicas en patios, baños e accesos principais, que limitan a participación e o uso seguro dos espazos.
- Situacións nas que o alumnado debe ser trasladado en brazos, por falta de solucións técnicas adecuadas.

Estas deficiencias vulneran claramente os principios de inclusión e igualdade de oportunidades, e evidencian a necesidade de actuacións urxentes para garantir unha accesibilidade real e universal nos centros educativos públicos.

5.3. Patios, pistas e instalacións deportivas

Moitos centros educativos presentan deficiencias importantes nos espazos exteriores, que afectan tanto á seguridade como á participación do alumnado.

Entre as incidencias máis frecuentes destacan:

- Patios sen cubrir ou con cubertas deterioradas, que limitan o uso destes espazos en días de choiva e aumentan o risco de desprendementos.
- Pistas exteriores con gretas, desniveis ou superficies esvaradías, que dificultan a práctica deportiva e incrementan o risco de caídas.
- Verxas oxidadas ou levantadas, que comprometen a seguridade perimetral e o peche adecuado dos recintos.
- Falta de espazos de xogo adaptados, especialmente nos Centros de Educación Especial, onde esta carencia limita a autonomía e a participación do alumnado con diversidade funcional.

En varios centros sinalanse accidentes xa producidos como consecuencia directa destas deficiencias, o que evidencia a necesidade urxente de intervencións estruturais e de mantemento continuado nos espazos exteriores.

5.4. Limpeza e salubridade


As ANPAS sinalan que o servizo de limpeza resulta claramente insuficiente para garantir unhas condicións hixiénicas adecuadas nos centros educativos.

Entre as demandas máis reiteradas destacan:

- Limpeza máis frecuente e rigorosa dos baños, especialmente en centros con alta ocupación e uso intensivo.
- Limpeza regular de patios e zonas exteriores, que en moitos casos dependen unicamente da choiva para manterse en condicións mínimas.
- Limpeza máis frecuente de comedores e aulas, espazos de uso continuo que requiren unha atención específica para garantir a salubridade.

A insuficiencia destes servizos repercute directamente na saúde, o benestar e a seguridade do alumnado, ademais de deteriorar o ambiente educativo e incrementar a carga de traballo do persoal docente e non docente.





6. Xestión das incidencias, infraestruturas e resposta da administración

6.1. Valoración xeral

6.2. Demandas das comunidades educativas



6.1. Valoración xeral

Da información achegada polas ANPAS e AFAs dos centros educativos públicos despréndese unha valoración común sobre a xestión das incidencias e a resposta da administración:

- As incidencias consideradas urxentes adoitan ser atendidas, aínda que non sempre con criterios homoxéneos nin prazos razoables.
- Pola contra, as actuacións sinxelas ou de mantemento ordinario sofren demoras excesivas, prolongándose en moitos casos durante meses.
- O mantemento preventivo é practicamente inexistente, actuándose maioritariamente cando o problema xa se agravou ou supón un risco.
- Existen obras e intervencións estruturais que se atrasan durante anos, malia estar reiteradamente solicitadas polos centros.
- En numerosos casos, as actuacións veñen condicionadas á existencia de programas ou plans externos, e non ás necesidades reais e urxentes dos centros educativos.

Esta situación xera unha sensación xeneralizada de desprotección, falta de planificación e desigualdade, afectando tanto á seguridade como á calidade do servizo educativo.

6.2. Demandas das comunidades educativas

Ante esta realidade, as ANPAS e AFAs reclaman de maneira reiterada:

- Maior axilidade administrativa, especialmente para intervencións de baixo custo e execución sinxela.
- A existencia dunha planificación real a medio e longo prazo, que permita anticipar necesidades e evitar actuacións de urxencia continuas.
- Establecemento de criterios claros, públicos e obxectivos de intervención, que garantan:
 - Transparencia na toma de decisións.
 - Prioridade en función do estado real das infraestruturas.
- Igualdade de trato entre centros céntricos e periféricos, evitando desigualdades territoriais na asignación de recursos e actuacións.


A xestión das incidencias non pode depender da capacidade de insistencia das comunidades educativas nin da visibilidade do centro, senón de criterios técnicos, equitativos e orientados á prevención.

7. Conclusiones

7.1 Análise de datos

7.2 Propostas

7.3 Anexos



7.1 Análise de datos

Da análise conxunta das achegas realizadas polas ANPAS e AFAs dos centros educativos públicos da Coruña despréndese un diagnóstico claro e reiterado: existen carencias estruturais que afectan de maneira transversal ao funcionamento dos centros, á calidade educativa e ao benestar do alumnado.

En primeiro lugar, identifícase unha infrafinanciación estrutural do mantemento e funcionamento dos centros, que se traduce nun deterioro progresivo das infraestruturas, na ausencia de mantemento preventivo e na acumulación de deficiencias que, en numerosos casos, supoñen riscos reais para a seguridade.

No ámbito dos recursos humanos, tanto docentes como non docentes, constátase unha insuficiencia xeneralizada de persoal, especialmente nos centros con maior complexidade. A falta de profesorado suficiente, de persoal coidador, de perfís especializados (enfermaría escolar, psicólogos/as, persoal de mantemento e limpeza) e de apoios estables dificulta garantir unha atención educativa inclusiva, individualizada e de calidade.


O cumprimento formal das ratios legais non se corresponde coa realidade das aulas, nin nos centros ordinarios nin nos Centros de Educación Especial, para o alumnado con NEAE e NEE. As ratios actuais non teñen en conta a diversidade, a intensidade dos apoios necesarios nin a carga organizativa que isto implica para os equipos docentes.

A accesibilidade universal continúa sendo unha das materias pendentes máis graves. A existencia de barreiras arquitectónicas, a falta de ascensores operativos, a ausencia de itinerarios accesibles e a necesidade de trasladar alumnado en brazos vulneran o dereito á educación en igualdade de condicións e impiden unha inclusión real.

Ademais, a análise evidencia que as comunidades educativas están asumindo funcións e responsabilidades que non lles corresponden, derivadas da falta de recursos e da ausencia de respostas estruturais. Isto xera sobrecarga, desgaste e, en moitos casos, tensións internas que afectan ao clima escolar e á capacidade de organización dos centros.

Finalmente, constátase que as necesidades específicas dos Centros de Educación Especial e das súas AFAs non están adecuadamente contempladas na planificación actual nin nos criterios de dotación. Estes centros requiren recursos, infraestruturas e perfís profesionais propios, non extrapolables aos centros ordinarios, para garantir unha atención digna e axustada á realidade do seu alumnado.

En conxunto, a persistencia destas carencias confirma que non se trata de incidencias illadas, senón dun problema estrutural que require respostas planificadas, coordinadas e sostidas no tempo por parte das administracións competentes, baseadas en criterios de equidade, accesibilidade e necesidades reais dos centros educativos públicos.



Propostas

Á vista do anterior, as ANPAS e AFAs propoñen unha batería de medidas concretas, viables e fundamentadas na normativa vixente, orientadas a garantir unha educación pública de calidade, inclusiva, segura e equitativa.

Estas propostas estrutúranse como prioridades de actuación urxente, coa finalidade de servir de base para a planificación e intervención das administracións competentes.

Persoal docente e non docente

- Redución progresiva das ratios e flexibilización real en función das necesidades do alumnado, especialmente en grupos con NEAE ou NEE.
- Redución automática de ratio e asignación inmediata de recursos adicionais cando se escolarice alumnado con necesidades educativas especiais.
- Cobertura inmediata e efectiva de baixas e vacantes de:
 - Profesorado titor.
 - Profesorado especialista (PT, AL e materias).
 - Persoal coidador e de apoio directo ao alumnado.
- Simplificación dos procedementos de substitución para evitar períodos sen atención educativa efectiva.


Persoal coidador e apoio educativo

- Creación de listas específicas de persoal coidador educativo, con:
 - Titulación obrigatoria.
 - Formación específica en atención educativa, asistencial e seguridade.
- Revisión das ratios actuais de coidadores/as, especialmente nos casos de alta dependencia, alumnado con NEE e centros con alta concentración de NEAE.
- Garantía de persoal de apoio tamén nos servizos complementarios: madrugadores, comedor, transporte e actividades extraescolares.
- Favorecemento da continuidade do persoal coidador substituto, sempre respectando a normativa vixente e os dereitos laborais.

Neste sentido, propónse que os centros educativos poidan solicitar motivadamente a continuidade dunha persoa coidadora concreta para atender a un determinado alumno ou alumna, evitando cambios constantes que:

- Dificultan a creación de vínculos de confianza.
- Perxudican a estabilidade emocional do alumnado con maiores necesidades de apoio.
- Reducen a eficacia da intervención educativa e asistencial.

A atención ao alumnado con necesidades complexas require estabilidade, coñecemento previo e coordinación, non unha rotación continua de profesionais.



Estabilidade e continuidade educativa

- Prioridade nas substitucións para profesionais que xa coñecen o centro e o alumnado, favorecendo a continuidade educativa.
- Establecemento dun protocolo de estabilidade docente, que permita:
 - A permanencia do profesorado substituto.
 - O retorno ao centro de profesionais que xa formaron parte do claustro e coñecen o proxecto educativo.
- Aplicación deste principio tanto ao:
 - Profesorado titor.
 - Profesorado especialista (PT, AL e materias).
- Redución da rotación constante de profesorado interino no mesmo grupo, especialmente en:
 - Aulas con alumnado con NEAE ou NEE.
 - Etapas clave como Educación Infantil e Educación Secundaria Obrigatoria.


A continuidade do profesorado é un factor determinante para a calidade educativa, a estabilidade emocional do alumnado e a eficacia das medidas de apoio e inclusión.

Organización e xestión dos centros

- Profesionalización real dos equipos directivos mediante:
 - Formación obrigatoria e acreditada en xestión, comunicación e liderado educativo.
 - Avaliación e actualización periódica.
- Dotación progresiva de persoal administrativo propio en cada centro público, priorizando centros grandes ou con alta complexidade.
- Clarificación normativa dos dereitos e obrigas de:
 - Equipos directivos.
 - Claustros.
 - Consellos Escolares.

Recoñécese expresamente:

- A autoridade organizativa das direccións.
- O carácter vinculante dos acordos do Consello Escolar.
- A necesidade de que cada órgano exerza as súas funcións sen interferencias indebidas.



Revisión do catálogo do centro e da súa vinculación co currículo e a atención á diversidade


As ANPAS e AFAs consideran imprescindible unha revisión profunda do actual modelo de catálogo do centro, ao entender que este constitúe un dos principais factores estruturais que limitan a correcta aplicación do currículo e a atención real ás necesidades do alumnado.

As ANPAS e AFAs propoñen que o catálogo do centro deixe de ser un instrumento estático e pase a configurarse como unha ferramenta flexible, dinámica e vinculada directamente á aplicación do currículo e ás necesidades reais do alumnado, mediante:

- A revisión periódica do catálogo ao longo do curso escolar, e non unicamente ao inicio.
- A asignación de profesorado especialista (PT, AL, orientación e outros perfís necesarios) en función do número real de alumnado con necesidades e do grao de complexidade destas.
- A posibilidade de reforzos extraordinarios cando concorran circunstancias sobrevidas ou cambios significativos na composición do alumnado.
- A coordinación efectiva entre inspección educativa, equipos de orientación e centros para garantir decisións áxiles, xustas e fundamentadas.

Só a través dun modelo de catálogo flexible e adaptado á realidade dos centros será posible garantir unha aplicación efectiva do currículo, unha atención verdadeiramente inclusiva e o cumprimento do principio de equidade que debe rexer o sistema educativo público.

Federación Provincial
de Centros Públicos
de A Coruña




Infraestruturas, accesibilidade e mantemento

As ANPAS e AFAs consideran imprescindible unha actuación decidida e planificada en materia de infraestruturas educativas, superando o actual modelo baseado en intervencións puntuais e urxentes.

- Execución inmediata das obras pendentes nos centros educativos públicos, especialmente aquelas que afectan á seguridade, salubridade e accesibilidade, evitando atrasos cronificados que se prolongan durante cursos completos.
- Creación dun plan obrigatorio, periódico e público de inspección e mantemento dos centros, que inclúa:
 - Avaliacións técnicas regulares das instalacións.
 - Publicación dos informes de estado e das actuacións previstas.
 - Criterios claros e transparentes de priorización, baseados nas necesidades reais dos centros e non na súa localización ou visibilidade.
- Transición dun modelo reactivo a un modelo preventivo, que permita anticipar incidencias, reducir custos a medio prazo e garantir condicións adecuadas e estables para o desenvolvemento da actividade educativa.
- Cumprimento efectivo da normativa de accesibilidade universal, garantindo:
 - Accesos adaptados a todos os espazos do centro.
 - Eliminación de barreiras arquitectónicas en aulas, patios, comedores e instalacións deportivas.
 - Adecuación de aseos, mobiliario e percorridos interiores para alumnado con mobilidade reducida ou outras necesidades específicas.

A falta de mantemento e de accesibilidade non só deteriora os centros, senón que condiciona o dereito á educación en igualdade de condicións, polo que estas actuacións deben considerarse unha prioridade estrutural e non unha actuación secundaria.



ANEXO I

1. Datos xerais

Indicador	Valor
Nº de centros participantes	30
Tipoloxías representadas	CEIP, IES, CEE
Alumnado total aproximado	9.500
Media de alumnado por centro	315
Entidades participantes	ANPAS, APAs, AFAs

Indicador	Resultado
Profesorado xeral insuficiente	47%
Profesorado especialista insuficiente	67%
Orientación insuficiente	60%
Falta de coidadores	73%
Centros que precisan mantemento	90%
Centros con riscos de seguridade	60%
Servizo de limpeza insuficiente	60%
Valoración media da limpeza	3/5

ANEXO II

Persoal : situación actual e necesidades

Profesorado Xeral

Categoría	Nº de centros	%
Consideran suficiente	12	40%
Consideran insuficiente	14	47%
Non saben / non responden	4	13%

Profesorado especialista (PT, AL, outros)

Categoría	Nº de centros	%
Suficiente	6	20%
Insuficiente	20	67%
Non saben / non responden	4	13%

Persoal coidador

Categoría	Nº de centros	%
Suficiente	5	17%
Insuficiente	22	73%
Non saben / non responden	3	10%

Especialidades máis demandadas

Especialidade	Nº de centros
PT	22
AL	21
Psicólogo/a escolar	10
Enfermeira escolar	9
Coidadores/as especializados	8

Equipo de orientación

Categoría	Nº de centros	%
Suficiente	6	20%
Necesita reforzo	18	60%
Non saben / non responden	6	20%

ANEXO III

Mantemento e infraestruturas

Categoría	Nº de centros	%
Si	27	90%
Non	1	3%
Non saben / non responden	2	7%

Áreas máis afectadas

Área	Nº de centros
Baños / fontanería	22
Pintura e paredes	20
Portas e fiestras	15
Teitos / goteiras	14
Electricidade / iluminación	13
Accesibilidade	10
Xardinería / exteriores	9
Calefacción / ventilación	8

Con riscos de seguridade

Indicador	Valor
Centros con riscos declarados	18 (60%)

Servizo de limpeza

Categoría	Nº de centros	%
Suficiente	10	33%
Insuficiente	18	60%
Non saben / non responden	2	7%

Necesidades máis repetidas

Necesidade	Nº de centros
Limpeza máis frecuente de baños	20
Limpeza de patios e exteriores	18
Limpeza de comedor	10
Limpeza de aulas	8

ANEXO IV

Datos por centro

Centro	Tipo	Alum.	Prof. xeral	Adic.	Prof. espec.	Necesidades PT/AL/otros	Orient.	Coidadores	Neces. coid.
Manuel Murguía	CEIP	167	Verde	—	Verde	1 PT + 1 AL	Verde	Verde	1
Rosalía de Castro	CEIP	235	Verde	10	Verde	2 PT + 2 AL	Verde	Verde	3
Alborada	CEIP	200	Verde	2	Verde	2 PT + 2 AL	Verde	Verde	4
Víctor L. Seoane	CEIP	350	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
Salgado Torres	CEIP	300	Verde	—	Verde	4 PT/AL	Verde	Verde	2-3
Sal Lence	CEIP	217	Verde	—	Verde	1 PT + 1 AL	Verde	Verde	1
Novo Mesoiro	CEIP	400	Verde	3	Verde	1 PT + 1 AL	Verde	Verde	2
Ramón de la Sagra	CEIP	410	Verde	—	Verde	PT/AL + Ampliación MEGA	Verde	Verde	1
San Pedro Visma	CEIP	375	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	2
CEIP Prácticas	CEIP	235	Verde	3	Verde	1 PT + 1 AL	Verde	Verde	2
Sagrada Familia	CEIP	500	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
Anxo da Garda	CEIP	234	Verde	—	Verde	1 PT + 1 AL	Verde	Verde	1
IES Agra do Orzán	IES	450	Verde	—	Verde	PT, AL, Optativas	Verde	Verde	—
CEE Rosario	CEE	81	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	2
Cornide Saavedra	CEIP	84	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
Eusebio da Guarda	CEIP	605	Verde	—	Verde	5 PT + 4 AL	Verde	Verde	—
Zalaeta	CEIP	220	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
IES Adormideras	IES	600	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
Juan F. Latorre	CEIP	430	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
Labaca	CEIP	210	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
IES Menéndez Pidal	IES	1000	Verde	—	Verde	2 PT	Verde	Verde	—
IES Salvador Madariaga	IES	1000	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
San Francisco Javier	CEIP	500	Verde	—	Verde	—	Verde	Verde	—
María Barbeito	CEIP	600	Verde	—	Verde	2 PT + 2 AL	Verde	Verde	—

Cor	Significado
Verde	Suficiente / correcto
Vermello	Insuficiente / déficit claro
Amarelo	Non consta / non se sabe



FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS DE CENTROS PÚBLICOS DE A CORUÑA

Número de teléfono

981.202002

Correo electrónico

fedapascoruna@fedapascoruna.org